

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 29 DE DECEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2012.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade da Coruña ao profesor doutor Xosé Luís Armesto Barbeito.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte coas federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica, para a realización por estas das actuacións, funcións e cometidos que, conforme a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade cun investimento total de catro millóns cincocentos oitenta mil douscentos euros (4.580.200,00 euros).
- Acordo polo que se dispón a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do 7 de novembro de 2011 do director xeral de Coordinación financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais, pola que se desestima o requerimento presentado pola Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, ao abeiro do artigo 44 da Lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra a liquidación dos recursos do Sistema de Financiación das

comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e das participacións nos Fondos de Convergencia Autonómica regulados na Lei 22/2009, do 18 de decembro, correspondentes ao exercicio 2009, da que se deu traslado coa comunicación do 26 de xullo de 2011 do referido director xeral, e, en definitiva, se interpoña recurso contencioso-administrativo contra a citada liquidación.

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, por un importe total de catro millóns cincocentos vinte cinco mil euros (4.525.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, por un importe total de seiscentos cincuenta mil euros (650.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de doce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento, por un importe total de cento noventa e seis mil seiscentos euros (196.600,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) á contratación da “compra de enerxía eléctrica para os consumos de servizos auxiliares do Complexo Medioambiental de Cerceda (NC 009/2011)”, por importe de vinte millóns seiscentos oitenta e tres mil cincocentos vinte e cinco euros con vinte e oito céntimos (20.683.525,28 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co concello de As Neves para a execución da obra: “Saneamento nas Neves. As Neves (Pontevedra)”, clave OH.336.999, por importe de catrocentos oitenta e catro mil setecentos sesenta e cinco euros con trece céntimos (484.765,13 euros).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co concello de Carral para a execución da obra: "saneamento no núcleo de Cañás. Carral (A Coruña)", clave OH.315.989, por importe de catrocentos oitenta e catro mil novecentos corenta e cinco euros con noventa e un céntimos (484.945,91 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co concello de Valga para a execución da obra: "Abastecemento a núcleos de Valga. 3ª fase. Valga (Pontevedra)", clave OH.236.636, por importe de un millón cincuenta e tres mil oitocentos trinta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.053.838,72 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e o Consorcio Audiovisual de Galicia para o desenvolvemento das accións comprendidas no Plan de Internacionalización do Consorcio Audiovisual de Galicia durante os anos 2011 e 2012, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Fábrica de Cerámica Sargadelos, S.L. para a posta en marcha de accións conxuntas de promoción e difusión do sector artesanal de Galicia, por importe de trescentos cincuenta e catro mil euros (354.000,00 euros).

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2012 de doce bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de sesenta e seis mil douscentos un euros con sesenta e oito céntimos (66.201,68 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Orde pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público de oito bolsas de formación en proxectos de investigación, que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria, por un importe total de cento noventa mil oitenta euros (190.080 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente á subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos no Hospital Arquitecto Marcide e Hospital Naval da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol (nº de expediente AB-SER3-12-002) por un importe total de dezaoto millóns oitocentos oitenta mil euros (18.880.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer un anticipo en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da súa concesión na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, así como a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Importe: sete millóns catrocentos cinco mil novecentos setenta euros (7.405.970,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer un anticipo en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da súa concesión na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012. Importe: cincuenta e cinco millóns cento trinta e un mil seiscentos catro euros (55.131.604,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a adquirir compromisos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de orde pola que se procede á convocatoria de axudas dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2012. Importe: dous millóns setecentos setenta e un mil euros (2.771.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior aos recollidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual de acordo co artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999 do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e Orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, por un importe total de catrocentos oito mil catrocentos vinte euros (408.420,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de addenda e de prórroga para o ano 2012, do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, e a Excelentísima Deputación de Pontevedra para a atención de menores no centro residencial "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" en Pontevedra, cunha contía de setecentos trinta mil euros (730.000,00 euros).

## **O PROGRAMA ESTATÍSTICO PARA 2012 INCORPORA 144 OPERACIÓNS E ACTIVIDADES CUN INVESTIMENTO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS**

- *Esta programación é a primeira do Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016*
- *Recolle 26 actividades novas vinculadas á demografía, á estrutura económica, á conxuntura e ao sector exterior*
- *Destacan as relacionadas co 'Estado do planeamento urbanístico dos concellos', o 'Sistema de indicadores de lonxevidade' ou as 'Persoas en situación de dependencia'*
- *A meta do PGE 2012-2016 é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de información que responda ás demandas da sociedade*
- *Unha das novidades máis salientables é que a nova lei incorpora no Consello Galego de Estatística a representantes dos grupos parlamentarios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, que incorpora 144 operacións e actividades estatísticas cun investimento de 1.342.667 euros. A planificación xa foi acordada polo Pleno do Consello Galego de Estatística o pasado día 16 de decembro.

Esta programación anual, a primeira do Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016, ten entre os seus obxectivos avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á configuración dun verdadeiro sistema público en España.

En total o Programa Estatístico do vindeiro ano recolle 26 actividades estatísticas novas vencelladas á demografía, á estrutura económica, á conxuntura, ao sector exterior e ao resto de obxectivos informativos do PGE 2012-2016.

Entre as actividades novas relacionadas cos obxectivos informativos do PGE 2012-2016, destacan a enquisa sobre o 'Estado do planeamento urbanístico dos concellos', o 'Sistema de indicadores de lonxevidade' ou sobre 'Persoas en situación de dependencia'.

Están, ademais, a 'Enquisa de cobertura vacinal', a de 'Inserción laboral dos titulados de formación profesional', 'Desprazamento transnacional de persoas traballadoras', 'Apoio á mobilidade de persoas dependentes ou con discapacidade', 'Enquisa sectorial ás empresas e institucións sen fins de lucro', 'Estimación de macromagnitudes a nivel comarcal', 'Conta satélite da cultura', 'Conta satélite de produción doméstica', 'Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía', Explotación estatística de información tributaria' e 'Panorama rural e urbano'.

### **Novo Plan Estatístico 2012-2016**

O novo Plan Galego de Estatística 2012-2016 ten como obxectivo central o de desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto



coherente, rigoroso e actualizado de datos, que responda ás demandas da sociedade. Estes fins concréntanse en obxectivos informativos, organizativos e instrumentais.

Como principios de actuación para acadar os obxectivos do plan, na Lei figuran expresamente os de economía, aproveitamento das fontes existentes, redución das molestias aos informantes e segredo profesional.

Ademais, no articulado aparecen reflectidas outras boas prácticas, como o interese público, a obxectividade, pertinencia, transparencia, corrección técnica, comparabilidade e puntualidade.

O novo Plan comprende obxectivos instrumentais, organizativos e informativos. Neste sentido, as actuacións informativas concréntanse en 130 metas e 89 actividades consolidadas e complétanse con catro liñas salientables de actuación: demografía, estrutura económica, conxuntura e sector exterior.

Con esta norma preténdese mellorar a colaboración institucional, tanto dentro como fóra da organización estatística. A cooperación interna faise moito máis doada grazas á recente creación dos órganos estatísticos das consellerías que permitirá un aforro de algo máis de dous millóns de euros respecto do actual, xa que mellora a eficiencia e o cumprimento dos obxectivos marcados.

Unha das novidades máis salientables é que a nova lei incorpora no Consello Galego de Estatística a representantes dos grupos parlamentarios, para que poidan contribuír directamente na elaboración dos proxectos e anteprojectos normativos en materia estatística, así como noutras actividades do Consello, xa que este é unha peza fundamental no proceso.

Ademais, empregárase a filosofía de planificación por obxectivos, que permitirá a adaptación aos cambios de escenarios que se presenten no futuro. Trátase de evitar a duplicidade de estatísticas innecesarias e de aproveitar as que poidan estar dispoñibles en cada momento. Igualmente, haberá un seguimento dos resultados e cada actividade deberá ser programada de xeito que sexa avaliable, e isto será tamén de aplicación a todos e cada un dos obxectivos do plan.

## **A XUNTA CREA O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO PARA REFORZAR O LABOR DE ASESORAMENTO AOS CONCELLOS E AOS CIDADÁNS EN MATERIA DE URBANISMO E PROTECCIÓN DA PAISAXE**

- *Neste organismo integraranse a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, e o Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), o que redundará nunha maior eficacia na xestión e un aforro económico de máis de 3 millóns de euros, evitando duplicidades innecesarias*
- *O instituto representa un novo avance do Goberno galego en prol da protección, mellora e ordenación do territorio galego, ao tempo que se da resposta ao mandato legal incluído na Lei de ordenación do territorio e Galicia*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou o decreto polo que se aproban os estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, que o Goberno galego prevé poñer en funcionamento no ano 2012. Trátase dun organismo autónomo que dependerá da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, departamento que crea este instituto para reforzar o labor de asesoramento aos concellos en materia de urbanismo, así como unha resposta áxil e eficaz, a través da utilización eficiente dos recursos públicos, ás necesidades dos cidadáns e dos equipos técnicos que traballan en cuestións relacionadas co territorio e a paisaxe.

Coa constitución deste ente non se incrementará o gasto de persoal e mellorarase a eficiencia e a organización administrativa, evitando duplicidades innecesarias. O instituto integrará a actual Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, a Subdirección de Sistemas de Información Territorial de Galicia (é dicir, o SITGA, ata o de agora incluído na Sociedade de Desenvolvemento Comarcal) e a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica. Así mesmo, no seo do instituto crearase o Observatorio Galego da Paisaxe.

Ademais, coa proposta elaborada estímense importantes aforros na xestión da información do territorio, dotando a propia Xunta de Galicia, os concellos galegos e os cidadáns, dunha ferramenta necesaria para unha xestión dinámica e eficiente deste.

A incorporación do equipo técnico do SITGA fará posible a realización de traballos de produción, mantemento e actualización das bases cartográficas oficiais da Xunta de Galicia. Estas tarefas producirán un aforro de máis do 30% (estimados nuns 3 millóns de euros en catro anos) na elaboración dos datos e dun 80% na actualización continua destes.

A nova composición implica a modificación da actual estrutura tanto da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe como da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal na procura dunha maior eficiencia na súa organización e para evitar a duplicidade de servizos, sen que iso supoña un incremento de gasto de persoal.



Este novo ente constitúe un novo avance do Goberno galego en prol da protección, mellora e ordenación do territorio galego, e unha aposta clara pola eficiencia, o aforro e a sustentabilidade.

### **Natureza e funcións**

O Instituto de Estudos do Territorio crearase como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento das administracións autonómica e municipal en materia de urbanismo, a ordenación do territorio e a protección e xestión da paisaxe. Entre as súas funcións destacan:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- Prestarlles asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento.
- Prestarlle apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- A compilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os órganos de goberno deste organismo serán a Presidencia, que lle corresponderá á persoa titular da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo; e o Consello Reitor, que é o órgano colexiado de goberno integrado pola presidencia, vicepresidencia, secretaría e sete vogais.

En relación coa súa estrutura administrativa destacan o Departamento Xestión Xurídico-Administrativa, que centralizará todo o labor relativo á dita denominación; e o Departamento Técnico de Estudos, no que se integrarán o Servizo de Planificación da Paisaxe, o Servizo de Coordinación e Información Territorial e o Servizo de Estudos respectivamente.

O nacemento do Instituto de Estudos do Territorio obedece á necesidade de dar resposta ao mandato legal inserto na Lei de ordenación do territorio de Galicia. Porén, o cumprimento deste mandato legal faise tendo en conta a oportunidade que supón a aprobación das directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral e a Estratexia Galega da Paisaxe que durante estes dous últimos anos realizou a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe coa estreita colaboración da Subdirección de Sistemas de Información Territorial de Galicia da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NOMEA A XOSÉ LUÍS ARMESTO NOVO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

- ***O profesor doutor foi escollido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 13 de decembro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Xosé Luís Armesto Barbeito como reitor magnífico da Universidade da Coruña. Este nomeamento prodúcese despois de que Armesto fose elixido nas eleccións ao Reitorado da UDC o pasado 13 de setembro, e proclamado como reitor pola Comisión Electoral o día 22 deste mes.

Xosé Luís Armesto Barbeito é doutor en Químicas e autor de diversas publicacións sobre a materia. Foi director do Colexio Universitario da Coruña e decano da Facultade de Ciencias. Desde 2004 era vicerreitor do Profesorado xunto ao seu antecesor no cargo de reitor, José María Barja.

## **O CONSELLO DA XUNTA ACORDOU RECORRER A LIQUIDACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO CORRESPONDENTE AO ANO 2009**

- ***Asegura que as medidas discrecionais tomadas polo Goberno central en IVE e IRPF supuxeron para Galicia unha perda de recursos de 674 millóns de euros***
- ***A Comunidade galega sería a máis beneficiada, xa que diminuiría un 42% a súa liquidación negativa de 2009***

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe presentar un recurso contencioso-administrativo pola liquidación do sistema de financiamento autonómico correspondente ao ano 2009 debido a que determinadas medidas discrecionais tomadas polo Goberno central en materia de IVE e de IRPF tiveron un impacto negativo de 674 millóns de euros nos recursos percibidos por Galicia.

Un informe do Executivo galego apunta que estas decisións tamén tiveron un efecto indirecto no Fondo de Suficiencia Global do ano 2009 da comunidade no ano que se comezou a aplicar o novo modelo de financiamento autonómico, xa que non respectou o principio de garantía do statu quo.

Galicia foi a comunidade máis prexudicada de todas as autonomías por estas medidas, xa que incrementaron nun 72% a súa liquidación negativa de 2009, que se situou en 1.600 millóns de euros e, de non ter este impacto negativo, se reduciría ata os 926 millóns de euros.

Galicia sería a comunidade máis beneficiada de todas as autonomías de terse en conta este recurso, xa que diminuiría un 42% a súa liquidación negativa de 2009, pois pasaría de 1.600 a 926 millóns de euros.

Así, indica que no ano 2009 a Comunidade galega sufriu no financiamento autonómico unha serie de prexuízos derivados de medidas adoptadas polo Estado no IRPF, como a dedución dos 400 euros ou o cheque bebé de 2.500 euros por nacemento.

En canto ao IVE, o Estado xeneralizou que as empresas puidesen recibir mensualmente a devolución con independencia da natureza e volume das operacións, o que obrigou a liquidar cada mes o imposto. Ademais, elevou de 6.000 a 18.000 euros o mínimo exento de obriga de achegar garantía en solicitudes de aprazamento.

## **A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ PRETO DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O IMPULSO DO DEPORTE**

- ***O Consello da Xunta autorizou os convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e 59 federacións co obxectivo de promover a práctica das distintas modalidades deportivas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e 59 federacións deportivas galegas, por un importe que suma case 4,6 millóns de euros, co fin de promover a práctica do deporte ao longo de 2012.

Os ditos convenios teñen como obxectivo establecer as bases de colaboración deportiva e económica e garantir, deste xeito, que a práctica das distintas modalidades deportivas que se desenvolven en cada unha das federacións recoñecidas na Comunidade Autónoma, se realice de maneira axeitada.

A Xunta de Galicia considera que as federacións deportivas están a realizar un labor fundamental no eido da organización e xestión das competicións de carácter oficial, ao tempo que permiten o acceso dos cidadáns á práctica do deporte federado en contraposición coa actividade física de carácter lúdico e non competitiva. Ademais estas federacións resultan indispensables para o apoio ao deporte en idade escolar ao deporte feminino.

Como cada ano de forma recorrente, a Secretaría Xeral para o Deporte formalizará nas vindeiras datas os convenios con cada unha das federacións co fin de asegurar o mantemento da súa actividade ordinaria que se concreta no desenvolvemento de competicións deportivas, participación das seleccións autonómicas, fomento do deporte feminino, discapacidade e deporte base, entre outros. Así mesmo, tamén se asegura a actividade de tecnificación que abrangue concentracións, competicións, xornadas de formación técnica e programas de adestramento especializados para o perfeccionamento técnico-táctico.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5,4 MILLÓNS DE EUROS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO**

- ***A Consellería de Presidencia aproba as ordes que establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para proxectos e microproxectos de cooperación no exterior, e para actividades de educación para o desenvolvemento e de fortalecemento de ONGD***
- ***Convócanse tamén doce bolsas de formación de expertos en Cooperación Internacional***

O Consello da Xunta, aprobou na súa reunión semanal de hoxe, as bases reguladoras de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior, promovidos polos axentes de cooperación.

Así mesmo, aprobou tamén as bases para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento, e para a consolidación e fortalecemento de ONGD. As convocatorias terán carácter bianual (2012-2013).

Estas convocatorias enmárcanse no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia. Na procura de dar cumprimento aos obxectivos previstos no Plan Director, o goberno galego aposta por unha cooperación máis selectiva que redunde nunha maior visibilidade da Cooperación Galega, así como pola educación para o desenvolvemento da sociedade galega e polo fortalecemento do sistema galego de cooperación, a través da mellora das capacidades técnicas e operativas dos axentes de cooperación.

### **Proxectos de cooperación no exterior**

A convocatoria para a execución de proxectos e microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, ten carácter bianual. O importe máximo das axudas que se poderá financiar é do 95% do orzamento total do proxecto non superando, en ningún caso, a subvención concedida os 25.000 euros.

Os proxectos que poderán optar a estas subvencións son os proxectos no exterior executados polas ONGD; proxectos no exterior executados polos outros axentes de cooperación, coma universidades, empresas, sindicatos, fundacións e comunidades galegas, entre outras; e, microproxectos no exterior executados polas ONGD.

Os proxectos que opten a estas subvencións non poderán estar iniciados antes do 1 de xaneiro de 2012, sendo necesario que o inicio das actividades sexa no ano 2012. As entidades solicitantes deben ter aberta a súa sede en Galicia e coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, financiarase un único proxecto individual a cada entidade e un único proxecto en agrupación.

O goberno galego aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, unha cooperación máis selectiva, de maior impacto e presenza, concentrada xeográfica e sectorialmente, que redundará nunha maior visibilidade da Cooperación Galega. Galicia vai cooperar en sectores nos que pode ofrecer experiencia e coñecementos específicos, coma é o caso da pesca.

O goberno galego segue mantendo o seu compromiso de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes, e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario.

#### **Actividades de Educación para o Desenvolvemento e fortalecemento de ONGD**

A convocatoria de subvencións para actividades de educación para o desenvolvemento realizadas polas ONGD e para proxectos de consolidación e fortalecemento das ONGD. O período de execución é de dous anos, 2012 e 2013.

#### **Bolsas de formación de expertos en Cooperación Internacional**

Ase mesmo, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe, ao acordo polo que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de doce bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento.

As actividades de formación desenvolveranse ao longo dos anos 2012-2013 cunha duración máxima de 12 meses, entre o 1 de maio de 2012, e o 30 de abril de 2013. O importe da bolsa será de 1.200 euros brutos/mes mais gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros brutos/mes no caso de que os destinos sexan na sede da Dirección Xeral.

O obxectivo destas bolsas é a formación de persoal especializado en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os destinos para a formación dos bolseiros serán a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e as oficinas técnicas de Cooperación da Axencia española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, entre outros.

Os requisitos para poder optar a estas bolsas son, entre outros, ter nacionalidade española, ter nado a partir do 1-1-1980, estar en posesión dun título universitario, e non ter sido beneficiario dunha bolsa de formación no eido da cooperación internacional.



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SOGAMA A COMPRA DE ENERXÍA ELÉCTRICA DESTINADA AOS CONSUMOS AUXILIARES DO COMPLEXO AMBIENTAL POR UN IMPORTE PRÓXIMO A 21 MILLÓNS DE EUROS**

- *Se ben orixinariamente a enerxía eléctrica producida pola planta de Coxeración se empregaba para o autoabastecemento das instalacións, coa entrada en vigor do RD661/2007, mediante o cal se prima as enerxías renovables e a coxeración, Sogama decidiu acollerse e incorporar á rede toda a enerxía producida*
- *Dado que, con esta medida lexislativa, a contía que se vai pagar pola adquisición de enerxía sempre será inferior á percibida pola venda desta, a operación resulta economicamente rendible para a empresa*
- *O contrato, que se vai realizar por un período de tres anos, poderá ser prorrogado ata un máximo de catro, abarcando desde xuño de 2012 ata maio de 2016*

O Consello da Xunta autoriza a Sogama, por un importe de 20.683.525,28 euros, a contratación da subministración de enerxía eléctrica para os consumos auxiliares do Complexo Medioambiental de Cerceda, eixo central da infraestrutura desta empresa pública no que se leva a cabo o tratamento dunha gran parte dos residuos urbanos producidos no territorio galego, ben clasificándoos por tipoloxías para facilitar a súa posterior reciclaxe ou ben valorizando enerxeticamente a parte non reciclable para producir enerxía eléctrica cualificada en Réxime Especial.

### **Maior rendibilidade económica**

Neste proceso industrial intervén a planta de coxeración, que, ademais de ter atribuída a función de producir calor para o secado da fracción fina dos refugallos non reciclables, contribuíndo ao acondicionamento do combustible derivado de residuos (CDR) que logo alimenta a Termoeléctrica, tamén produce enerxía.

Aínda que esta enerxía se destinou orixinariamente ao autoabastecemento das instalacións, coa entrada en vigor do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, considerado no Plan de Enerxías Renovables 2005-2010 e na Estratexia de Aforro e Eficiencia de España, e mediante o cal se prima, polas súas maiores vantaxes ambientais, o fomento das enerxías renovables e a coxeración, incluíndo no mesmo os cambios derivados da normativa europea e do Real decreto-lei 7/2006, do 23 de xuño, procedeuse á modificación do esquema retributivo, desligándoo da tarifa media ou de referencia que viña sendo aplicada ata o momento.

A oportunidade de beneficio económico que esta medida lexislativa achegaba non pasou desapercibida para Sogama, que decidiu acollerse a esta e incorporar toda a enerxía xerada pola planta de Coxeración á rede, comprando a necesaria para o abastecemento dos servizos auxiliares do complexo cercedense.

O prezo que se vai pagar é o resultante da suma do prezo medio mensual en Euros/MWh do mercado diario, publicado polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía-Polo Español, S.A, e dunha prima en Euros/MWh que se calculará como unha porcentaxe da prima de referencia publicada no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) correspondente ás instalacións designadas en Réxime Especial e pertencentes ao grupo a.1.1 do RD661/07.

Neste escenario, a contía que se vai pagar pola adquisición de enerxía sempre será inferior á percibida pola venda da mesma mediante ese sistema, resultando unha operación economicamente rendible para esta sociedade pública.

A revisión dos prezos do contrato realizarase sempre que a prima de referencia sufra unha revisión por parte da Administración que, en todo caso, será publicada debidamente no BOE mediante a correspondente orde.

Tendo en conta que o Complexo industrial de Sogama funciona as 24 horas do día durante todo o ano, excepto o período de parada técnica, que habitualmente se fai coincidir no mes de maio, a demanda enerxética por parte da empresa será programada con suficiente antelación, prevéndose unha carga de 8 MWh.

### **Contrato suxeito a penalizacións**

O contrato, que se vai realizar por un período de tres anos, poderá ser prorrogado ata un máximo de catro, abrangendo desde xuño de 2012 ata maio de 2016.

Non obstante, no caso de que a perda de capacidade ou produción das instalacións se deba a unha falta de subministración, de capacidade ou de prazo de entrega, repercutirase ao adxudicatario, en concepto de lucro cesante, o importe de 6.000 euros por cada hora na que calquera das instalacións tivese que parar.

## **A XUNTA A APROBA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DAS NEVES PARA COMPLETAR A REDE DE SANEAMENTO DOS NÚCLEOS DE RIBARTEME, SEQUEIROS, AS NEVES E TORTOREOS**

- ***O proxecto considera a conexión do saneamento destas zonas con depuradoras existentes ou en execución. Así mesmo, será preciso a instalación de dúas estacións de bombeo***
- ***Na actualidade, as zonas beneficiadas contan con tramos de rede de saneamento que verten a foxas sépticas***
- ***A poboación que se beneficiará desta nova infraestrutura será de algo máis de 2.000 habitantes***
- ***O prazo de execución destes traballos hidráulicos é de seis meses, e suporán un investimento de máis de 480.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e o Concello das Neves, co fin de levar a cabo obras de saneamento desta localidade pontevedresa. Para iso, o Executivo autonómico realizará unha achega económica no vindeiro exercicio de máis de 480.000 euros.

A actuación comprende a execución das actuacións necesarias para completar a rede de saneamento dos núcleos de Ribarteme, Sequeiros, As Neves e Tortoreos, todos pertencentes ao Concello das Neves. Grazas a estes traballos levarase a cabo a conexión do saneamento destas zonas con depuradoras existentes ou a construción (EDAR de Vide, Guillarei, etc...).

Concretamente, as obras que se van executar consisten en cinco treitos de colector: No treito 1 que vai desde Tortoreos a Xuliana, cunha lonxitude de algo máis dun quilómetro; o segundo e o terceiro irán desde As Neves ata Pedrouzón e ten unha lonxitude de 215,98 metros de impulsión e 831,20 m. de colector; no treito 4 necesitaranse 145,63 metros de colector e 473,52 m. de impulsión e está en Ribamerte; e, por último, o tramo 5, situado en Sequeiros, ten 544,08 metros de lonxitude.

Así mesmo, será preciso a instalación de dúas estacións de bombeo con dúas bombas cada unha; unha cámara de claves e aliviadoiro. A poboación que se beneficiará desta nova infraestrutura será de algo máis de 2.000 habitantes.

O proxecto autorizado hoxe polo Goberno galego define e valora as actuacións necesarias e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución de seis meses para a finalización destas obras hidráulicas.

Na actualidade, as zonas de Sequeiros, Termes, Xuliana e As Neves contan con tramos de rede de saneamento que verten a fosas sépticas cuxos efluíntes se infiltran ao terreo en zonas próximas a ríos, o que supón un risco para a calidade das súas augas. Outras zonas carecen de conexión á rede polo que solucionan as súas necesidades de saneamento con foxas individuais que se baleiran periodicamente.

A colaboración técnico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias correspóndelle á Administración Hidráulica de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con obxectivo de acometer importantes actuacións de que estendan os servizos do ciclo da auga e melloren o ambiente.

## **A XUNTA INVISTE PRETO DE 485.000 EUROS NA EXECUCIÓN DO SANEAMENTO NO NÚCLEO DE CAÑÁS, NO CONCELLO DE CARRAL**

- *O proxecto, cuxo prazo de execución é de 6 meses, define e valora as actuacións necesarias para executar tres colectores da rede primaria de saneamento do núcleo de Cañas*
- *A lonxitude desta rede é de 2.368 metros, que se conectarán ao colector xeral do río Barcés, co gallo de eliminar verteduras de augas negras augas arriba da devandita estación de tratamento de auga potable (ETAP)*
- *A Administración Hidráulica de Galicia financia o 100% da posta en funcionamento deste novo servizo*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de obras, pretende dotar aos concellos galegos daquelas infraestruturas das que carezan*

O Consello da Xunta de hoxe aprobou a colaboración técnica- financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co concello de Carral para a execución do saneamento no núcleo de Cañas, o que supón ademais unha maior garantía de protección para a captación do núcleo de Carral e un avance no saneamento na cunca de aportación do encoro de Cecebre.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, inviste preto de 485.000 euros na realización destas obras de mellora, cuxo prazo de execución é de 6 meses. A Administración Hidráulica financia o 100% da posta en funcionamento deste novo servizo.

O proxecto ten como finalidade continuar coas obras de mellora e adecuación da rede de saneamento do concello de Carral. A práctica totalidade da rede do núcleo urbano de Carral (parroquia de San Estevo de Paleo), vertía á depuradora de Reboredo. O inadecuado funcionamento desta instalación, unida á nula capacidade de autodepuración do regato de Reboredo, impedía que a vertedura de auga tratada se realizara en correctas condicións. Por iso, a Administración Hidráulica de Galicia executou un colector- interceptor que recolle as achegas da rede de saneamento de Carral e as conduce ata a nova EDAR das Lamas, situada a 1.420 m de distancia augas abaixo da ETAP de Cañas que abastece o municipio coruñés.

Este proxecto define e valora as actuacións necesarias para executar tres colectores de PVC da rede primaria de saneamento do núcleo de Cañas. A lonxitude desta rede é de 2.368 metros, que se conectarán ao colector xeral do río Barcés, co gallo de eliminar verteduras de augas negras augas arriba da devandita estación de tratamento de auga potable (ETAP).

Cómpre indicar que estes traballos pretenden servir de base para a redacción de proxectos de saneamento de treitos máis pequenos, que se irán elaborando en función das necesidades.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración neste tipo de obras, pretende dotar os concellos galegos daquelas infraestruturas das que carezan. Neste sentido, proporciónanse mellores condicións de vida aos cidadáns, fomentando o desenvolvemento económico e social dos municipios.



## **MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO DEPÓSITO CON CAPTACIÓN QUE ABASTECERÁ OS NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE VALGA**

- ***Esta actuación completa as obras de abastecemento do Concello, e permitirá construír un depósito regulador con capacidade para 115 m<sup>3</sup> que conectará co depósito situado en Monte Albor***
- ***Así mesmo, nas anteriores fases executouse unha rede de distribución de 2.000 metros de tubaxe desde o depósito de Cerniera dando servizo a preto de 3.000 veciños***
- ***O sistema de saneamento do Concello de Valga supuxo un investimento da Administración autonómica de preto de 5 millóns de euros nos cales se incluíu a construción da depuradora***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Valga, para a construción dun novo depósito con captación que abastecerá aos núcleos rurais do concello de Valga, en Pontevedra. Neste proxecto Augas de Galicia, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), investirá máis dun millón de euros.

As obras que se pretenden realizar consisten nunha captación e un depósito regulador con capacidade para 115 m<sup>3</sup> na cabeceira do río Valga e conectar mediante unha canalización por gravidade ao depósito do Monte Albor, nas proximidades de Ponte Valga, para solucionar os problemas existentes.

O proxecto terá unha captación a través dun pozo que conducirá a auga ata o depósito regulador. Este depósito terá unha altura de 4,85 metros e disporá dun contador para o contador de caudal e un dosificador de cloro. Poderá abastecer a preto de 2.400 habitantes dos núcleos de Valga xa que poderá almacenar auga para dous días.

Para a correcta potabilización da auga almacenada, instalarase una planta potabilizadora que subministrará un caudal de auga de 36 m<sup>3</sup> por hora. Esta cámara contará cun sistema de dosificación e mistura de fluculante, un equipo de filtro bicapa, un sistema de axuste de ph, ademais dun sistema de poscloración. O abastecemento completarase coa canalización da auga potable ata o depósito de Monte Albor mediante unha rede de 6.000 metros de tubaxe. Ao longo da condución executaranse as correspondentes arquetas e válvulas redutoras de presión.

Así mesmo, cómpre recordar as obras feitas nas dúas anteriores fases, unha rede de distribución de 2.000 metros de tubaxe desde o depósito de Cerniera dando servizo a preto de 3.000 veciños do Concello de Valga. Debido aos problemas de presión da rede de abastecemento, ademais do aumento da poboación dos núcleos lindantes, foi necesario proxectar esta nova obra.

### **Obras de saneamento**

A Administración autonómica leva investidos preto de 5 millóns de euros no saneamento do concello de Valga, incluíndo a construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) levada a cabo na primeira fase (no ano 2003), que supuxo un investimento de 2,2 millóns de euros. As accións desta primeira fase proxectáronse para abastecer á totalidade dos núcleos de Valga xa que carecían dunha infraestrutura básica de saneamento e de depuración de verteduras das súas augas residuais. Ademais da EDAR, proxectouse unha rede de colectores que recollerían as verteduras das parroquias de Campaña, Xanza, Valga e Setecoros.

En canto ás obras da segunda fase, deseñouse e construíuse a ampliación da EDAR para dar servizo á parroquia de Cordeiro, unha actuación que implicou a realización dunha rede de colectores, dun pozo de bombeo e unha impulsión, así como a reposición do servizos afectados. O orzamento achegado pola Administración autonómica ascendeu a 292.165 euros. O prazo de execución estipulado foi de 8 meses e, finalmente, foi recibida en novembro de 2005.

A terceira fase, coas obras xa rematadas e en fase de probas, contou cun orzamento de 700.000 euros e consistiu en ampliar a rede de saneamento levada a cabo nas fases anteriores para dar servizo aos núcleos de Castiñeiras e Laxes. Nesta fase levouse a cabo unha rede de tres colectores principais (dous paralelos á vía de ferrocarril para poder conectar coa rede da 2ª fase e un terceiro colector que conecta con todos os ramais que prestan servizo aos pequenos núcleos) ademais dunha rede de ramais secundarios de curto percorrido que acometen a rede principal.

Por último, o proxecto desta terceira fase tamén implicou a instalación do bombeo, cos seus correspondentes accesorios, e controladas mediante un cadro eléctrico que se conecta a rede de baixa tensión existente.

## **A XUNTA IMPULSA O PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR AUDIOVISUAL PARA APOIAR AS PRODUCCIÓN GALEGAS**

- ***O Consello da Xunta autoriza un acordo para aumentar a presenza das producións galegas nos mercados audiovisuais nacionais e internacionais***
- ***O obxectivo é facer posible a presentación destas producións a distribuidores, axentes de venda, compradores, canles de televisión, novas plataformas...***
- ***O audiovisual galego participará así en eventos especializados en Berlín, Cannes ou Bos Aires, entre outros***
- ***Impulsarase a organización de encontros bilaterais con produtores de territorios de interese***
- ***Este acordo tamén apoia o labor da oficina Galicia Film Commission para atraer rodaxes de cine e publicidade á Comunidade***

O Consello da Xunta vén de autorizar un acordo destinado a potenciar e incrementar a capacidade de internacionalización das empresas do sector audiovisual. A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica destinará 350.000 euros á promoción exterior do sector e das producións audiovisuais galegas, que se desenvolverá ao abeiro do Plan de Internacionalización do audiovisual.

Poderá coordinarse a presenza do sector nos mercados audiovisuais nacionais e internacionais relevantes, co obxectivo de posibilitar a presentación das súas producións aos profesionais desta actividade (distribuidores, axentes de venda, compradores, canles de televisión, novas plataformas...). Ademais, este acordo facilita o establecemento de contactos comerciais, así como o achegamento directo ás tendencias actuais.

A Consellería de Economía e Industria tamén promoverá a presenza en festivais e semanas de cine nacionais e internacionais, así o audiovisual galego participará en eventos especializados en Berlín, Cannes ou Bos Aires, entre outros. O Plan de Internacionalización, impulsado polo Goberno galego, tamén contribuirá á organización de encontros bilaterais con produtores de territorios de interese, de cara a fomentar a coprodución internacional.

Ademais, outro dos obxectivos consiste en atraer rodaxes de cine e publicidade á Comunidade, a través da oficina Galicia Film Commission orientada á promoción de Galicia como escenario para a realización de obras audiovisuais, xestión de trámites administrativos e fomento de utilización de recursos galegos como empresas auxiliares e profesionais do sector.

## **A XUNTA APOIA A INTERNACIONALIZACIÓN DE SARGADELOS E A ACTIVIDADE DAS SÚAS GALERÍAS DENTRO E FÓRA DE GALICIA**

- ***O obxectivo deste acordo, dotado con 354.000 euros, é facer visible e favorecer a internacionalización da cerámica galega a través das Galerías de Sargadelos***
- ***Esta sinatura dispón de 15 Galerías que funcionan como puntos de distribución en exclusiva, ás que se pode engadir a súa presenza nunha rede de máis de 60 tendas multimarca en España, noutros países europeos, Asia e América***
- ***Ao abeiro deste acordo ofrécese a infraestrutura necesaria para a montaxe de exposicións e máis obradoiros experimentais de cerámica***

O Consello da Xunta vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria á sinatura dun convenio de colaboración coa Fábrica de Cerámica Sargadelos, para unha campaña de internacionalización, centrada en apoiar a actividade expositiva das Galerías de Sargadelos dentro e fóra da Comunidade.

Con este acordo, dotado con 354.000 euros, o Goberno da Xunta continúa a apoiar a difusión da cerámica galega dentro e fóra da Comunidade Autónoma, co obxectivo de facela visible e favorecer a súa internacionalización da man dunha das sinaturas de deseño máis emblemáticas de Galicia.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Fábrica de Cerámica Sargadelos, S.L. dispón de 15 Galerías Sargadelos que funcionan como puntos de distribución en exclusiva, ás que se pode engadir a presenza da sinatura nunha rede de máis de sesenta tendas multimarca en España, noutros países europeos, Asia e América.

Con esta iniciativa ofrécese a través das Galerías da sinatura a infraestrutura necesaria, para a montaxe de exposicións con pezas singulares, así como exposicións monográficas conxuntas e máis obradoiros experimentais de cerámica.

Neste sentido cómpre lembrar que, xunto á súa actividade industrial e comercial, Sargadelos leva adiante un importante labor de difusión e promoción da cultura galega, principalmente, dos talentos máis novos, sendo unha das sinaturas de deseño e produción de porcelanas de artesanía máis recoñecidas en Europa.

## **A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA SOBRE O GALEGO AVANZA CON NOVAS BOLSAS DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria pública de oito bolsas, que levará a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística en 2012***
- ***Tamén se prorrogarán 12 bolsas convocadas en 2008 e 2009***

A Secretaría Xeral de Política Lingüística dará novos pasos en 2012 para impulsar a investigación sobre a lingua e a cultura galegas. Con este obxectivo levará a cabo unha convocatoria pública de oito bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), que foi aprobada esta mañá no Consello da Xunta.

Xunto coa formación lingüística, a convocatoria destas bolsas tamén oferta actividades de formación literaria, histórica e antropolóxica de Galicia e está dirixida a licenciadas e licenciados universitarios, polo que contribúe á especialización na súa formación académica, profesional e investigadora.

A convocatoria será de carácter plurianual, desde 2012 ata 2014. Os proxectos aos que se dirixen estas bolsas inciden en traballos de investigación sobre fraseoloxía galega, bibliografía da literatura galega e literatura galega medieval, recursos informáticos para o estudo do idioma, terminoloxía científico-técnica, a base de datos ALIR a construción dun sintetizador de voz para o galego.

### **Proxectos de investigación**

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades inclúe, entre os seus obxectivos fundacionais, o deseño e o desenvolvemento de recursos informáticos que axuden á incorporación da lingua galega ao mundo das novas tecnoloxías da información. Co proxecto CORGA preténdese contribuír a ese obxectivo, poñendo a disposición da comunidade científica un novo recurso accesible a través de Internet que posibilite a obtención de datos para o estudo de aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da historia recente da nosa lingua.

As bolsas están dirixidas nomeadamente a licenciados de humanidades e ciencias sociais. Para a selección dos bolseiros terase en conta o expediente académico e a formación complementaria, a presentación de comunicacións en congresos relacionados coa bolsa, publicacións individuais ou a participación en publicacións colectivas relativas á dita bolsa, así como unha entrevista persoal. Ademais, os aspirantes deberán acreditar que posúen os requisitos específicos para cada proxecto.

Ademais da convocatoria destas oito bolsas, no Consello da Xunta de hoxe tamén se aprobou a ampliación, mediante prórroga, de 12 bolsas de formación en proxectos do Centro Ramón Piñeiro convocadas inicialmente en 2008 e 2009.

### **A traxectoria do Centro Ramón Piñeiro**

O Centro Ramón Piñeiro (antes Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro) foi creado pola Xunta de Galicia o 11 de febreiro de 1993. Está adscrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística e o seu coordinador científico é o académico da lingua galega Manuel González González.

Seguindo o ronsel da preocupación pola investigación sobre o galego do intelectual que lle dá nome, Ramón Piñeiro, o centro traballa en diversos proxectos que inciden no estudo filolóxico e de conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas e que permiten unha investigación en profundidade da historia lingüística e literaria do galego.

No marco destes proxectos, o CRPIH elabora recursos imprescindibles que dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e para consulta e utilización de investigadores e público en xeral. Boa mostra disto dánnola os cadernos que se editan sobre fraseoloxía, os Informes de literatura ou a colección de cadernos Ramón Piñeiro, a través da que se publicaron, desde 2003 ata hoxe, 20 volumes sobre pensamento e cultura galega.

### **O Termigal**

O Centro Ramón Piñeiro tamén leva adiante un destacado labor no ámbito terminolóxico, no que traballa conxuntamente coa Real Academia Galega (RAG) a través do Termigal, o Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega. Desde a súa posta en funcionamento en 1996, o Termigal constitúe un servizo imprescindible para a elaboración e difusión de traballos terminolóxicos sobre a lingua galega que son necesarios e de vital importancia para dispoñer dun maior coñecemento sobre ela.

### **Outros piares no estudo do galego: o ILG e a RAG**

Co fin de potenciar tamén o desenvolvemento da investigación sobre o galego e a divulgación lingüística, a secretaria xeral apoia a actividade da RAG a través dun convenio que inclúe proxectos de alta relevancia social arredor de ámbitos como o da lexicografía, con traballos como o dicionario de galego e o dicionario bilingüe galego-castelán, e o da sociolingüística, centrados nos cambios e na evolución da lingua galega.

Outra das entidades de referencia neste ámbito é o Instituto da Lingua Galega (ILG). A través dun convenio plurianual asinado pola secretaria xeral e a Universidade de Santiago de Compostela e que se prolongará durante 2012, o ILG está a desenvolver un completo programa de actuacións en materia de investigación lingüística que, por vez primeira, inclúe a elaboración e edición dos materiais galegos para o *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI), en colaboración cun equipo internacional de investigadores.



## **O PLAN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE E DO HOSPITAL NAVAL DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL PERMITIRÁ UN AFORRO DO 20% DO CUSTO ACTUAL**

- *A Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol engloba nun único contrato a xestión do subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento por un importe total de preto de 19 millóns de euros*
- *Levaranse a cabo as actuacións de mellora e renovación de instalacións necesarias para garantir o dito aforro*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de autorizar a contratación para a Subministración Enerxética Prestacional e do Servizo de Mantemento e Conservación de Edifícios, Instalacións e Equipos do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, por un importe de 18.880.000,00 euros, distribuído en oito anualidades.

Enténdense comprendidos dentro do mantemento de edificios e instalacións, o servizo de operación e mantemento enerxético e servizo de mantemento xeral, que implicarán as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético mínimo do 20%.

Están comprendidos dentro do obxecto do contrato nesta Xerencia, a subministración de enerxía eléctrica, de gas natural, de gasóleo; así como o servizo de mantemento das instalacións que correspondan; e a subministración dos repostos, no que abrangue o mantemento enerxético.

Con esta contratación, Sanidade garante a normal subministración dos combustibles e enerxía necesarios para o normal funcionamento dos centros hospitalarios Arquitecto Marcide e Naval, así como o mantemento de edificios e instalacións, de modo tal que, tanto a temperatura como a iluminación dos centros nos que se dispensan as prestacións propias deste servizo público, sexan as adecuadas en tempo e forma ás necesidades reais existentes, garantindo o confort e habitabilidade das institucións sanitarias, tanto aos usuarios como aos profesionais que dispensan no seu ámbito as súas funcións profesionais, estimándose unha redución de emisións de CO<sub>2</sub>. A atmosfera de cando menos 3.300 toneladas anuais.

### **Plan de eficiencia enerxética**

Esta iniciativa posta en marcha pola Consellería de Sanidade enmárcase partindo da configuración do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval como un centro consumidor de enerxía, para os efectos do establecido polo Plan para promover a eficiencia enerxética nos edificios públicos ao que a Comunidade Autónoma de Galicia adheriuse a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), mediante a aprobación polo Consello da Xunta en maio de 2011.

Con base neste Plan de Eficiencia Enerxética, o Inega financiará ata o 15% do custo dos investimentos, cun máximo de 390.000 euros en actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables (de xeración térmica) que se leven a cabo no Hospital Arquitecto Marcide e no Hospital Naval.

Unha vez executadas as melloras nas instalacións, o adxudicatario deberá remitir un certificado no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto que reflictan o importe final do custo das medidas de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables implantadas.

## **TRABALLO DESTINA 7,4 MILLÓNS A ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO QUE PERMITIRÁ HABILITAR MÁIS DE 240 TÉCNICOS**

- *Trátase dunha medida activa de emprego dirixida á mellora da capacidade de inserción laboral das persoas desempregadas a través da información e a orientación profesional personalizada*
- *A concesión de axudas diríxese a entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro, aos que se lles concederán subvencións para a contratación de técnicos de orientación*
- *Subvenciónanse estas accións por período máximo dun ano: desde o 1 de febreiro de 2012 a xaneiro de 2013*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá un total de 7,4 millóns de euros para a concesión de axudas e subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca do emprego (accións IOBE). Esta orde, que aprobou hoxe o Consello da Xunta, financiará accións por período máximo dun ano: desde o 1 de febreiro de 2012 ata xaneiro de 2013.

Grazas a este investimento, as entidades beneficiarias destas axudas poderán chegar a habilitar uns 240 técnicos de orientación, que se encargarán de prestar asesoramento e información aos desempregados.

Os técnicos encargaranse, entre outras funcións, de elaborar diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados; proporcionar información sobre o mercado de traballo e os distintos incentivos; deseñar itinerarios individuais e personalizados de emprego; contactar con empresas para difundir as súas iniciativas e realizar unha prospección das necesidades das empresas; ou informar sobre a oferta de accións de formación profesional ou o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas.

En definitiva, trátase dunha medida activa de emprego dirixida á mellora da capacidade de inserción laboral das persoas desempregadas a través da información e a orientación profesional personalizada, no marco das directrices de emprego da Unión Europea e os plans nacionais de acción para o emprego.

Estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego mediante itinerarios personalizados de inserción ocupacional para mellorar as posibilidades de incorporación ao mercado laboral dos demandantes do Servizo Público de Emprego.

A través desta orde subvenciónanse os custos de persoal das entidades colaboradoras externas que acheguen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo as devanditas actuacións.

Co financiamento destas accións en materia de orientación, a Consellería busca facilitar a inserción e reincorporación laboral dos desempregados, ademais de favorecer a súa mobilidade profesional no mercado de traballo e dar apoio para que os destinatarios tomen as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades formativas. De feito é unha das medidas incluídas nas políticas activas de emprego deste departamento.

Tamén se procura mellorar a empregabilidade dos traballadores e desenvolver o espírito emprendedor e as iniciativas de autoemprego. Traballo e Benestar pretende potenciar, ademais, unha participación activa no procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral

## **TRABALLO INVESTIRÁ 55 MILLÓNS DE EUROS EN CURSOS DE FORMACIÓN PARA DESEMPREGADOS DOS QUE SE BENEFICIARÁN 23.000 PERSOAS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora e a convocatoria da programación das actividades dirixidas a este colectivo que se incrementa en máis de 1,6 millóns- un 3 por cento- con respecto a 2011*
- *O Goberno galego segue a reforzar as súas políticas activas de emprego no eido da formación, unha vez que esta actuación xa se vira aumentada este ano nun 5 por cento con respecto a 2010*
- *A consellería ampliará, ademais, a formación certificable dirixida á obtención de novos certificados de profesionalidade, xa que en 2012 preto do 100 por cen dos cursos irán nesta liña*

Preto de 23.000 persoas desempregadas poderán beneficiarse de accións formativas o vindeiro ano, en cuxa programación a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 55,1 millóns de euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde reguladora das bases desta actuación e a súa convocatoria pública.

A Administración laboral galega incrementará en máis de 1,6 millóns de euros esta actuación con respecto a este ano, o que supón un 3 por cento máis de orzamento. Desta forma, o Goberno galego segue a reforzar as súas políticas activas de emprego no eido da formación, xa que o investimento destinado a esta programación xa aumentou en 2011 nun 5 por cento con respecto a 2010, ao pasar, entón dos 50,7 millóns de euros aos 53,5.

Coa programación para o 2012 seguirase a incrementar a formación acreditable, dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade. De feito, preto do 100 por cento dos máis de 1.100 cursos que se ofertarán en 2012 irán nesta liña.

Esta formación acreditable permitirá os alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, terá efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente.

Cabe lembrar que os cursos de formación para o emprego constitúen un dos elementos máis salientables das políticas activas de emprego por tratarse dunha medida de mellora da empregabilidade das persoas en paro que se recolle na Estratexia Europea de Emprego e no Plan Nacional de Acción para o Emprego.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional establece que este tipo de formación é unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

### **Máximos niveis de calidade e excelencia**

Así, a través da orde do próximo ano, a Xunta volverá facer unha importante aposta por unha formación para o emprego cos máximos niveis de calidade e excelencia, precisos neste contexto de crise económica e laboral. Traballo e Benestar busca deste xeito ofertar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e ás esixencias de competitividade das empresas.

Tamén pretende cubrir as aspiracións dos traballadores en materia de promoción profesional e desenvolvemento persoal, co fin de capacitalos para o desempeño cualificado das diferentes ocupacións e o acceso ao emprego.

### **Normalizados, actualizados e adaptados ao mercado laboral**

Os novos programas de formación que integran a oferta de 2012 da Dirección Xeral de Formación e Colocación están normalizados, actualizados e adaptados ás esixencias do mercado de traballo, ao igual que os de anos anteriores.

Así mesmo, estes programas teñen un referente común de competencias en materia educativa e laboral porque foron elaborados en función das cualificacións profesionais existentes. Este factor permitirá que haxa unha certa homoxeneidade entre a formación asociada a unha ocupación ou profesión e a posibilidade de identificar a súa relación co mercado laboral do conxunto do Estado e mesmo no Marco Europeo das Cualificacións.

## **O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ PRETO DE 3,2 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS PROGRAMAS DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO E DA ECONOMÍA SOCIAL**

- ***A Consellería de Traballo e Benestar destinará uns 2,7 millóns de euros ao programa do fomento do emprego en empresas de economía social e promoción do cooperativismo***
- ***Tamén convocará unha liña de axudas, dotada con máis 400.000 euros, para financiar as actividades que leven a cabo concellos e entidades locais para difundir esta fórmula profesional***
- ***Estímase que se beneficiarán desta orde de axudas preto de 280 cooperativas e unhas 20 agrupacións de concellos***
- ***O investimento total destinado a cooperativismo e economía social en 2012 ascenderá a máis de seis millóns de euros***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará preto de 3,2 millóns de euros entre 2012 e 2013 a dúas liñas de traballo de promoción e fomento do cooperativismo, en tanto é unha fórmula que está a amosar unha especial resistencia á crise económica, tal e como se acordou hoxe no Consello da Xunta.

O primeiro dos proxectos, cun orzamento de 2,7 millóns de euros, refírese á orde para fomentar o emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo.

Este programa ten como fin promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social; apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas; e, en xeral, promover o cooperativismo.

Para avanzar nestes obxectivos, a orde recolle un total de cinco aspectos que inciden nestes aspectos: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; mellora da competitividade; impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica; fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a; e actividades de promoción do cooperativismo.

No eido do fomento do emprego, cabe salientar que se ofrecen axudas que facilitan a incorporación das persoas desempregadas como socios e socias traballadores/as nas cooperativas ou sociedades laborais. Ao mesmo tempo, estes programas tamén regulan axudas para impulsar proxectos empresariais cooperativos, mesmo na fase previa á súa constitución formal. Faise, ademais, un especial fincapé nos procesos de asesoramento e de acompañamento das novas iniciativas.



Prevese que, de cara a 2012, poidan ser beneficiarios destas axudas preto de 280 cooperativas.

### **Axudas a entidades locais**

A segunda liña aprobada hoxe polo Consello da Xunta, cun orzamento que supera os 400.000 euros, é a orde de axudas dirixidas a concellos e outras entidades locais para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.

Trátase dunha convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar parcialmente actividades de promoción do cooperativismo por parte de concellos e outras entidades locais. Polo tanto, esta orde financiará distintas accións como poden ser a asesoría e acompañamento de proxectos; accións formativas e informativas; elaboración de plans empresariais; seguimento e titorización dos proxectos cooperativos en xestión; ou formación e divulgación de fórmulas cooperativas.

Dentro desta iniciativa, cabe salientar a especial importancia que teñen as subvencións para promover a creación de oficinas de fomento cooperativo, o que permite consolidar proxectos de economía social grazas ao maior apoio e seguimento que prestará este servizo.

De feito, na orde de 2012, refórzase o apoio a estas oficinas. Coas novidades introducidas, a contía da subvención poderá ascender ata o 100 por cento dos custos necesarios para un ano de funcionamento dunha oficina. Anteriormente, a porcentaxe do primeiro ano era do 80 por cento. Tamén se incrementa a contía subvencionable do custo salarial dos técnicos que desempeñen o seu labor nestas oficinas.

Outra novidade destacable é que estas axudas estarán dirixidas, a partir de 2012, aos concellos que se presenten a través dunha área metropolitana, dunha mancomunidade ou dun consorcio local; ou ben aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona e que presenten un proxecto conxunto formado por unha agrupación de catro concellos como mínimo.

Estímase que serán unhas 20 as agrupacións de concellos beneficiarias destas axudas.

### **Máis de 6 millóns en 2012**

Estas actuacións inscríbense dentro da aposta que está a realizar a Consellería de Traballo e Benestar para promover o cooperativismo. En concreto, en 2012 destinará un investimento de máis de 6 millóns de euros a este obxectivo.

Este financiamento distribúese en distintos programas –incluídos os aprobados hoxe– como pode ser a creación da rede "Eusumo" de asesoramento no ámbito da economía social; ou o proxecto de difusión do cooperativismo na escola, que se encarga de informar e formar os alumnos de últimos cursos de formación profesional das

posibilidades do cooperativismo. Tamén se teñen posto en marcha programas de fomento do I+D+i nas cooperativas; ou a iniciativa Coopera + para promover o cooperativismo na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal; así como o programa de actuación xunto coas asociacións de cooperativas e entidades da economía social para a promoción do cooperativismo.

## **BENESTAR DESTINA 730.000 EUROS PARA FINANCIAR 100 PRAZAS DE ATENCIÓN A MENORES DA 'CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE' DE PONTEVEDRA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga deste convenio de colaboración, que dá continuidade á cooperación que se leva a cabo desde hai uns 20 anos***
- ***Da totalidade das prazas concertadas, 75 son de acollemento residencial e outras 25 son de centro de día***
- ***Mediante este convenio, nesta instalación préstase atención a aqueles menores tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia***
- ***Benestar destinará en 2012 un total de 31,8 millóns de euros a programas de atención e protección aos menores, un 1,1 por cento máis que en 2011***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2011 un total de 730.000 euros para o mantemento de 100 prazas concertadas de atención a menores da 'Cidade Infantil Príncipe Felipe', un centro do que é titular a Deputación de Pontevedra. En concreto, trátase de 75 prazas de acollemento residencial e 25 de centro de día.

O Consello da Xunta deu hoxe a autorización a este convenio de colaboración, que vén dar continuidade a unha cooperación entre ambas as institucións que se leva a cabo desde hai aproximadamente 20 anos.

A 'Cidade Infantil Príncipe Felipe' conta con distintos módulos, para prestar distinto tipo de atención en función das idades e características dos menores. Ademais, ao igual que o resto de centros de menores de Galicia, ofrece unha atención que abrangue aspectos educativos, formativos e de coidado e atención que permiten o desenvolvemento da personalidade individual dos rapaces.

Ao respecto, a Consellería de Traballo e Benestar lembra que o ingreso dun menor nestes centros, aínda que sexa de modo temporal, realízase tras un estudo rigoroso e cando se esgotan todas as posibilidades de mantemento do neno na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos, como son as axudas económicas, os apoios ás familias ou as achegas escolares.

Os menores acollidos nestes centros reciben un tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo.

O obxectivo fundamental da atención de menores por parte da Administración autonómica é a de mellorar a situación persoal e socio-familiar dos nenos procurando, en xeral, a súa reintegración na familia de orixe e se non é posible nunha familia acollidora.

A colaboración mantida coa Deputación de Pontevedra enmárcase dentro do programa de acollemento residencial de menores tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia.

Actualmente, hai en Galicia 1.437 menores tutelados dos que 586 están na provincia de Pontevedra.